

Concurso de Traballos por Proxectos 2024/25

Código: 36020350	Centro: IES Pintor Colmeiro
Provincia : A Coruña	Localidade: Silleda

1.- INTRODUCCIÓN

O IES Pintor Colmeiro é un centro rural na comarca do Deza que posúe un entorno natural extraordinario, pola súa extensión, diversidade e beleza. A familiaridade con este espazo que rodea o edificio fai ás veces que, ao dalo por suposto porque sempre está aí, tanto alumnado como profesorado non sexan conscientes do valor que posúe e o privilexiados que somos neste sentido, así como das posibilidades educativas que ten. Flora Colmérica naceu a partir da constatación deste feito, primeiro, como unha actividade pequena de grupos; e, neste curso, como proxecto anual integrado de todo o centro.

A experiencia netamente positiva do traballo de proxectos integrados de centro nos dous cursos precedentes (arredor do Guernica, 22-23; e da figura de Leonardo da Vinci, 23-24) e a aprendizaxe que supuxo respecto da organización de traballo colaborativo interdepartamental levaron a que un grupo maioritario do claustro de profesores apostase polo modelo de traballo por proxectos. Isto facilitou moito a posta en marcha do proxecto.

O Equipo da Biblioteca levou a coordinación en colaboración co Club de Ciencias e o Equipo de Dinamización Lingüística, cuxos responsables están integrados no da biblioteca.

Das competencias clave traballadas de forma transversal en todo o proxecto pode destacarse:

- **Competencia en comunicación lingüística (CL).** Traballouse a lecto-escritura tanto no tratamento de fontes en diverso formato para a investigación de contidos como na elaboración de materiais en soportes variados (tradicional e dixital), con especial atención ás competencias AMI. A expresión oral estivo presente no traballo expositivo da feira de ciencias, no traballo de guía no medio ambiente e nos vídeos sobre o valor simbólico das plantas.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT).** As competencias científicas e tecnolóxicas foron evidentemente centrais en numerosas actividades, nomeadamente as vinculadas ao club de ciencias, onde se traballou a planificación experimental, a formulación de hipóteses e as observación de resultados químicos (creación de tinta, árbores de cristal, farmacoloxía e esencias...)

A competencia matemática e tecnolóxica foi principal nas actividades sobre árbores de Sierpinski e, cunha implicación máis transversal a todo o alumnado, na construción da estrutura xeodésica-espazo lector exterior, tanto desde unha perspectiva teórica (na consideración de medición, triangulación e composición xeométrica da propia estrutura, como no estritamente práctico

- **Competencia dixital (CD).** A competencia dixital estivo presente no acceso de materiais e información dixitais a través das aulas virtuais; na elaboración de vídeos (para o *xardín poético*); na investigación de información na rede. Coidouse especialmente o discernimento de fontes e a cita de contidos empregados e o uso de termos clave para facer buscas eficientes (respecto ás árbores de Sierpinski ou o valor simbólico das flores).

- **Aprender a aprender (CAA).** Na metodoloxía empregada nas diversas propostas procurouse usar unha estratexia pola que non se deran tarefas pechadas, senón ferramentas flexibles que permitisen a súa aplicación a diversos ámbitos no proxecto. Tratouse de implicar ao alumnado na planificación do que se ía facer, o seguimento e supervisión das tarefas e actividades para ver se están ben encamiñadas e unha avaliación do resultado final. O mellor exemplo desta aplicación atopámolo no traballo conxunto da construción da estrutura xeodésica.

- **Competencias Sociais e Cívicas (CSC).** En canto ás competencias sociais e cívicas un aspecto central estivo no cultivo da sensibilidade sobre o valor da natureza e o coidado do entorno. Esta dimensión materializouse de forma máis notable na dimensión ecolóxica das actividades levadas a cabo polo departamento de Economía en relación coa reciclaxe e na exposición e charla de ADEGA sobre especies invasoras. Dunha forma máis transvesal e xenérica a natureza colectiva e cooperativa de todo o proxecto serviu de espazo para o fomento dos valores cooperación, de escoita e axuda mutua.

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Foi outra transversal no conxunto das actividades en canto que se orientaron en boa medida a intervir sobre a realidade, conducindo a mirada a captar necesidades e oportunidades proporcionadas polo entorno e estratexias para realizar, por exemplo, a creación de materiais de papelería reutilizables, na creación dun espazo lector exterior, na creación de refuxios para paxaros ou dun pequeno xardín de flores.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).** Esta competencia traballouse en relación cos textos literarios na [selección de poemas](#) e a lectura do relato *O home que*

plantaba árbores de Jean Giono e na creación de textos literarios propios e a creación plástica a partir dos pigmentos feitos con flores.

En canto ás competencias curriculares proporcionouse un modelo de programación de actividade para sistematizar a recollida de obxectivos, secuencia de actividades e criterios de avaliación a través da plataforma Agueiro que cada docente adaptou para facer un arquivo común.

Recollemos a continuación, en todo caso, para dar unha visión sintética, os aspectos máis salientables no caso dos traballos integrados en materias (seleccionamos un obxectivo e un criterio de avaliación e algunhas das materias como mostra, os arquivos completos e a totalidade das materias poden verse en [Agueiro](#)):

- Lingua galega e literatura de 1º de ESO (“O home que plantaba árbores”): **OBX.5** Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido (...) **CA2.5** - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando (...)
- Matemáticas de 2º de ESO e de 4º de ESO (“Árbore de Sierpinski”). **OBX4** - Realizar proxectos matemáticos colaborativos (...) **CA6.4** - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva (...)
- Proxecto Competencial 3º de ESO (“Flores que inspiran”) **OBX2**. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista (...) **CA3.2**. Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.

Latín I e Física e Química (1º BAC, “Medicamentos e Fármacos na Época Clásica”) Lat. **OBX4**. Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e

sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida. **CA4.6** - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos (...) Fís. e Quí. **OBX1** - Resolver problemas e situacións relacionados coa física e coa química, aplicando as leis e teorías científicas adecuadas, para comprender e explicar os fenómenos naturais (...)

Física e Química (3º de ESO) e Atención á clientela (FPBII, FOL) (“Árbores cristalizadas”). F&Q **OBX1** - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana. **CA1.5** - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa (...) FOL **O2.1** – Coñecer e apreciar as vantaxes de lograr ser bos comunicadores dominando os diferentes tipos de comunicación (...) **CA1.9** – Transmitir información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa.

Lingua castelá e literatura (1º BAC) **OBX 8** – Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana utilizando unha metalinguaxe específica (...) **CA4.4** - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.

CALENDARIO DE TAREFAS PREVISTAS	
Final de curso 23-24	➤ (Xuño do 24) No último claustro preséntase a proposta do proxecto e as liñas de traballo previstas.
Primeiro trimestre	➤ Setembro, Semana 9 – 15: Retómase a proposta presentada en xullo e establécense espazos para compartir a achega de novas propostas e cauces de comunicación (WhatsApp, Agueiro, cartel na sala de profesores). ➤ Outubro – Novembro: Nestes meses fóronse facendo os traballos de programación e deseño concreto das actividades e primeira presentación ao alumnado dalgunhas delas. - Desenvólvese o obradoiro de creación de tinta no Club de Ciencias. - Exposición e charla de ADEGA sobre especies invasoras (semana do 21 ao 26). - Inicio da actividade de creación dunha marca de reciclaxe (concurso de logos). ➤ Decembro: Adquisición de libros vinculados ás árbores, herbas, e á literatura vinculada con elas. - Experimentación con árbores de cristal.
Segundo Trimestre	➤ Xaneiro - Febreiro - 1ª fase do Xardín poético: presentación, investigación e plantación das flores na aula - Investigación e creación de aceites esenciais a partir de plantas. - Actividade arredor de “O home que plantaba árbores”. Exposición de panel con textos fotos e debuxos nos corredores da ESO. ➤ Marzo: 2º fase do Xardín poético: Plantación do xardín ➤ Abril: Feira do libro: obradoiro de escrita antiga coa tinta de bugallo.
Terceiro Trimestre	➤ Maio. - Obradoiro de creación de tinturas e debuxo. - Semana 19 – 23 e seguintes: cortado da madeira e tratamento co lasur e triangulación do terreo para a estrutura xeodésica. - Actividade de fotografía e creación literaria (proxecto competencial). ➤ Xuño - Experimento con bombas de xabón (Club de Ciencias). - Semanas do 16 ao 20. Construción da estrutura xeodésica. - Actividade de guía na natureza do alumnado de Ciclo de guía no medio natural cos alumnos de 3º de ESO. ➤ 5 de xuño: Feira da Ciencia. - Exposición e explicación dos diversos proxectos (esencias, bombas de xabón, tinta, árbores de cristal, casiñas de paxaros, libretas de reciclaxe, árbores de Sierpinski...). - Actividade de creción do herbolario durante a feira. ➤ Avaliación.

Participaron en distintos ámbitos e actividades do proxecto o conxunto do alumnado da ESO e FPB, o alumnado de 1º de BAC, algúns alumnos de 2º de BAC, e os grupos do Ciclo de guía no medio natural.

Os departamentos e docentes implicados foron os que seguen: Debuxo, Jesús Otero Pereiras (3º de ESO); Economía, Manuela Pose (1º de BAC); Educación Física, Xosé Couso, José Luis Tedín González, Anxo Cid (co alumnado de Ciclos e varios grupos da ESO) e María Patiño; Física e Química, Marta Aguirre (alumnado de ESO e BAC, no Club de Ciencias); Literatura Castelá e Literatura, Norma Rodríguez (1º de BAC); Departamento de Lingua Galega e Literatura, Xandre Pereira (con alumnado de diversos cursos), Edith Pazó (1º de ESO) e Natividad Diéguez (1º de BAC); Linguas Clásicas, Xosé Barreiro (1º de BAC); Linguas estranxeiras -inglés-, Alba Caballero (3º da ESO); Matemáticas, Nadiuska Alemparte (2º e 4º da ESO); Departamento de Comercio, Tamara Camino (FPB II); Filosofía, Santiago Cerviño; Tecnoloxía, Javier Fondevila (2º de ESO) e Alicia García (1º de ESO).

Para a organización do proxecto desde a biblioteca establecéronse canles de comunicación e espazos colaborativos (fundamentalmente a plataforma [Aqueiro](#) e grupos de WhatsApp xenéricos da Biblioteca e do Club de Ciencias e específicos para algún proxecto, como o da estrutura xeodésica). Compartíronse tamén documentos para unificar os materiais de presentación e exhibición das propostas e os documentos pedagóxicos (modelos de programación, rúbricas...). Empregouse a plataforma Canva para a confección de [materiais comúns](#). De forma presencial foise facendo a toma de decisións, integración de novas propostas e resolución de problemas na reunión semanal conxunta dos responsables da biblioteca, EDL e Club de Ciencias.

2.- OBXECTO

Tal como adiantamos na introdución, o IES Pintor Colmeiro ten arredor un extenso espazo verde, case boscoso, que non era suficientemente coñecido e valorado polo alumnado e o profesorado. O obxecto do proxecto foi desenvolver de forma ampla unha actividade que se iniciara en cursos anteriores centrada fundamentalmente na investigación sobre as árbores.

A partir deste foco inicial ampliouse o obxecto á posta en valor e da natureza vexetal en todas as súas vertentes e con ramificacións científicas e humanísticas moi diversas. O fomento dunha sensibilidade sobre a flora tanto social como esteticamente comezou polo coñecemento (a identificación e sinaléptica de árbores e plantas), para avanzar despois á intervencións de tipo práctico e creativo (textos, produtos realizados con plantas -tinta, esencias, xabón...-). Por outra parte, desde un punto de vista cívico e social, interesábanos conectar esta sensibilidade cun sentido de responsabilidade no tratamento da natureza que fomentase condutas ecoloxistas. Nesta dirección fíxose unha actividade coa Asociación ADEGA relacionada con especies invasoras e unha actividade de creación dunha marca de reutilización de papel con material escolar vello dentro da materia de Economía e emprendemento de 4º da ESO.

Finalmente, unha última dimensión que se recolleu como obxecto do proxecto foi integrar a biblioteca no espazo exterior creando un lugar atractivo de lectura para o bo tempo integrado no recinto verde do centro. Incorporouse aquí un aspecto traballado no anterior proxecto -o de Leonardo da Vinci- e os modelos de espazos lectores alternativos observados nalgún centro educativo europeo, ao dárselle a forma de estrutura xeodésica. Para o deseño e construción contamos con Víctor González

García-Echave da [asociación Palitroques](#), que realizou un obradoiro para profesorado e alumnado.

3.- PROCESO

Ao finalizar o curso 23-24 o equipo da biblioteca debateu sobre o centro de interese a traballar para o proxecto integrado do seguinte ano. Decatámonos de que ter abertos varios proxectos grandes dispersaba forzas e que o de Flora Colmérica, xa iniciado, ofrecía a característica esencial para este tipo de traballo que é a pluralidade de miradas e focos que se poden aplicar sobre o tema, tendo en conta o singular interese que temos en integrar as ramas humanísticas e de ciencias.

A experiencia de cursos anteriores tamén aconsellaba deixar bastante pechado xa no último claustro as liñas de traballo para que os departamentos puidesen ir traballando a súa participación e así ter o tronco central de actividades pensado en setembro. Por este motivo, a elección do proxecto quedou feita e presentada no último claustro do curso 23-24. A partir de aí desde o equipo da biblioteca creáronse canles de posta en común de materias e fóronse facendo reunións en pequenos grupos para levar adiante as actividades, que se desenvolveron ao longo de todo o curso.

Á metade do curso, percibindo que os medios dixitais (web, blog, Instagram...) non estaban servido para visibilizar suficientemente o proxecto e para dar unha visión de conxunto, preparáronse uns paneis para colocar no vestíbulo no centro un resumo visual de todas as actividades que se ían levando a cabo. O desenvolvemento particular de cada actividade foise facendo en cada materia e entre cada departamento e confluíron ao final de curso no traballo de construción da estrutura xeodésica e a Feira

da Ciencia, onde se expuxeron e se amosaron os resultados da maioría das actividades.

4.- DOCUMENTACIÓN

Entre a documentación elaborada cómpre distinguir os materiais de carácter funcional xerados para a coordinación do proxecto e a documentación creada de forma particular para cada proceso que se proporcionou ao alumnado e, por outra parte, a documentación xerada polo propio alumnado, que se relaciona no seguinte apartado.

Para a presentación e para facilitar a participación fíxose un póster e un cartel para anotar departamentos, participantes. Para o proxecto de construción do espazo lector exterior, fíxose un [material](#) e un acto específico de presentación.

Os documentos de modelo de programación e de presentación de materiais así como xerados para o alumnado poden verse referenciados no arquivo de [Aqueiro](#) do proxecto.

5.- TAREFAS

En canto ás tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado podemos distinguir:

Investigación documental

- Investigación sobre as flores, o seu valor simbólico e presenza na literatura castelá e galega (1º de BAC)
- Indagación sobre as herbas silvestres do arredor do centro (na Feira de Ciencia para todo o alumnado, coordinado por alumnado de 1º de BAC).
- Indagación sobre procesos experimentais científicos (tinta, cristais, esencias...)

- Revisión de materiais e fontes para a sección de árbores da páxina [web](#) (a partir dos documentos traballados en cursos previos para a web. Este traballo unicamente se iniciou de forma moi incipiente (3º de ESO).

Produción de materiais

- Creación dos materiais para unha ruta (Ciclo de Guía no medio natural e de tempo libre).
- Creación de textos relativos ás árbores significativas para cada un a partir do texto de Jean Giono (1º de ESO).
- Reseña sobre a exposición acerca de plantas invasoras (3º de ESO)
- Creación de debuxos a partir das tinturas feitas (3º de ESO).
- Paneis informativos sobre as árbores de Sierpinski e construción das árbores en cartolina (2º da ESO e 4º da ESO).
- Creación dunha marca baixo a que confeccionar cadernos de material reutilizado (4º da ESO).
- Creación dun herbolario de herbas silvestres (Feira de Ciencia).

Experimentación e obradoiros

- Experimentación científica e creación de produtos: Creación de árbores de cristal. (3º de ESO e FPBII); Creación de bombas de xabón (club de ciencias), Creación de tinta de bugallos (Club de Ciencias); creación de aceites esenciais vinculados á tradición clásica.
- Creación de [textos](#) inspirados en fotografías de flores (3º de ESO)
- Construción de refuxios para paxaros (2º de ESO)
- Obradoiro de escritura antiga coa tinta dos bugallos (Feira do libro).

- Obradoiro de construción dunha estrutura xeodésica dedicada a espazo lector (Todos os cursos).
- Creación dun pequeno xardín de flores vinculadas á poesía (1º BAC).

Expresión oral

- Gravación de [vídeos](#) sobre o valor simbólico das flores na creación poética.
- Presentacións dos proxectos na Feira de Ciencia (todos os cursos)
- Lectura dos relatos sobre fotografías no proxecto competencial (3º de ESO)
- Actividade de guía do alumnado de ciclos para o alumnado de 3º de ESO.

As fotos das actividades poden verse nos [álbumes de Aqueiro](#).

6.- RECURSOS

As fontes empregadas para a investigación foron moi amplas, xa que se vincularon a cada unha das actividades. Entre os materiais bibliográficos pode destacarse:

- García, Xosé Ramón, *Guía das plantas de Galicia*, Vigo, Xerais, 2023.
- Leiro Lois, Adela, *Árbores de Galiza*, A Coruña, A Nosa Terra, 2006.
- Niño Ricoi, Henrique *Guía das árbores de Galicia*, A Coruña, Bahía, 2001.
- Jose, Sarah, *El libro de las flores y los árboles: y otros tesoros del reino vegetal*, China, DK, 2025.
- Abella, Ignacio (ed), *La poesía de los árboles: [antología universal de poemas de los árboles y el bosque]*, Madrid, Nórdica Libros, 2022.
- Ganges, Montse, *Un herbario lorquiano*, Folioscopio, 2024.
- López Sánchez, María, *O herbario de Rosalía*, Fundación Rosalía de Castro, 2023.
- Drogin, Marc, *Medieval Calligraphy*, Dover Publications, Nova Iorque, 1989

- Hardy Wilson, Diana, Enciclopedia de técnicas de caligrafía, Editorial Acanto, Barcelona, 1996

- [Exposición da asociación ADEGA](#) sobre especies invasoras, nomeadamente as prantas (a exposición empregouse unha semana no centro e púxose a disposición do alumnado de 3º da ESO a aula virtual para facer un traballo de reseña).

Entre as fontes dixitais:

- Repositorio propio feito en symboloo para o traballo sobre a simboloxía das flores
<https://www.symboloo.com/shared/AAAAAb2McKAAA41-41-opA==>

- s.v. "Triángulo de Sierpinski", Galipedia,
< https://gl.wikipedia.org/wiki/Tri%C3%A1ngulo_de_Sierpinski >, [Consulta: 1/07/2025]

- De León, Manuel, "El triángulo evanescente" *Matemáticas y sus fronteras*,
<<https://www.madrimasd.org/blogs/matematicas/2016/07/16/141863>> [Consulta: 1/07/2025].

Poveda Arias, Jorge, "Experimento educativo: árbol de navidad mágico", Espaciociencia
<<https://espaciociencia.com/experimento-educativo-arbol-de-navidad-magico/>>,
27/01/2023 [Consulta: 1/07/2025].

- Sánchez Hernanpérez, Arsenio, "Recetas y secretos en la España del Siglo de Oro: la fabricación de tinta negra (I)", Biblioteca Nacional de España,
<https://www.bne.es/es/blog/blog-bne/recetas-y-secretos-en-la-espana-del-siglo-de-oro-la-fabricacion-de-tinta-negra> >, 26 de xullo de 2016, [Consulta: 1/07/2025].

- "Las tintas ferrogálicas", Murice restauración. Blog,
< <http://muricerestauracion.blogspot.com/2011/05/las-tintas-ferrogalicas.html> >, 12 de maio de 2011, [Consulta: 1/07/2025].

En canto aos recursos espaciais empregouse nomeadamente a biblioteca e o espazo investigador anexo – aula de informática; por outra parte, as outras aulas informáticas do centro, o laboratorio de física e química para as actividades do Club de Ciencias e as materias vinculadas, o taller de tecnoloxía e o espazo exterior cuberto anexo ao pavillón de deportes para a realización da Feira da Ciencia e o obradoiro da estrutura xeodésica.

7.- IMPLICACIÓN

A implicación da comunidade educativa foi moi extensa, abarcando a todos os grupos (excepto 2º de BAC, do que só participaron algúns alumnos individualmente) e once dos departamentos do centro. Destacou tamén a implicación da Dirección do centro a través da Vicedirección, que está integrada no equipo da biblioteca e colabora tanto na coordinación como en todos os aspectos relativos á difusión das actividades.

Tentouse facer extensiva a participación ao resto da comunidade educativa, PAS e familias, particularmente na construción da estrutura, pero non foi posible por cuestións de organización. Esta é unha dimensión que temos que tratar de incorporar en futuros proxectos.

8.- DIFUSIÓN

Medios que se utilizaron para a difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Blog: <https://biblogcolmeiro.blogspot.com/p/documentacion.html>

Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespintorcolmeiro/>

Web do proxecto: <https://biblioteca1886.wixsite.com/flora-colmerica/inicio> (en construción).

Rede social: Instagram do Club de Ciencias

<https://www.instagram.com/cienciacolmeiro/>

Outro(s): Web de actividades do centro <https://sites.google.com/view/vidanocolmeiro/>

9.- AVALIACIÓN

Este proxecto supuxo un avance significativo no traballo por proxectos interdepartamentais do centro no seu conxunto e na incorporación das actividades en conexión cos contidos curriculares, ambas cousas moi positivamente valoradas polos participantes. A previsión e planificación con antelación das liñas de traballo permitiu un mellor desenvolvemento e integración no traballo diario de aula. Por outra parte, consolídase a convicción de que estas metodoloxías resultan moi motivadoras para o alumnado e propician unha aprendizaxe significativa e especialmente interesante para traballar as competencias AMI.

A avaliación das competencias en cada unha das áreas realizouse fundamentalmente mediante observación na aula e rúbricas e atribuíuse unha porcentaxe correspondente na cualificación segundo o establecido en cada programación.

A avaliación conxunta do proxecto é un aspecto que temos que traballar, xa que non se sitematizou suficientemente.

10.- BIBLIOTECA

A biblioteca funcionou como centro do proxecto en catro sentidos: o da coordinación e deseño da proposta, a provisión de material documental e informativo, difusor das actividades e a dotación de medios materiais.

En tanto que responsable da coordinación e deseño do proxecto, o equipo da biblioteca fixo a proposta inicial de forma dialogada co claustro, elaborou os materiais e espazos virtuais precisos para compartir as iniciativas e serviu de conexión entre o profesorado para a integración de departamentos e do conxunto de actividades. É salientable que este traballo se fai en continua comunicación e coordinación do EDL e o Club de Ciencias, cos que está conformado un equipo de traballo estable.

O papel de difusión realizouse empregando os medios propios da biblioteca e outros específicos do proxecto.

O aspecto documental máis intrinsecamente vinculado á biblioteca, no seu sentido máis tradicional, continuou sendo relevante. Dedicouse unha partida da xestión de compras á dotación de libros sobre a flora e se deu facilidade de acceso para a busca de información en medios dixitais. Tamén se fixo unha inversión económica relevante da dotación da biblioteca para a creación do espazo lector exterior e a creación do xardín poético. Este ano, por outra parte, creouse un espazo anexo á biblioteca que, sen deixar de funcionar como aula de informática, converteuse nun espazo de investigación mixto (con numerosos postos con acceso a internet e os libros de consulta xeral de diversas materias dispostos no mesmo lugar). Empregouse entre outros para moitas das sesións de investigación documental vinculadas ao proxecto. Finalmente, o propio espazo da biblioteca estivo a disposición dos departamentos para a realización das actividades.